

Propiedades do texto: coherencia, cohesión e adecuación..

Exercicios autoavaliáveis (2).

- 1.- Marca no artigo todos os elementos que funcionan como substitutos de *Deviot*, incluídas as elipses.

Deviot alcanzou a fama grazas a un anuncio. Estas tres feras *quinceaneiras* e o seu batería demostran agora que son un grupo de verdade. Falan todos á vez, con certo nerviosismo e *a trompicóns*. Saen precipitadamente da clase de matemáticas para someterse a entrevistas con xornalistas de toda España. Logo ofrecen concertos en salas nocturnas onde lles prohibirían a entrada se fosen como público, por non teren a idade autorizada.

Deviot formouse en Ponferrada e adquiriu popularidade con aquel anuncio de Pepsi "de ruído". A sorte desta banda de rock chámase *Subterfuge Records*, a discográfica que os fichou e xestionou o anuncio, dirixido en Nova York por Spike Lee. Grazas á popularidade que dá a televisión, *Deviot* saltou a etapa dura pola que pasan a maioría dos conxuntos: ensaios, maquetas, compañías que din "non", concertos para tres persoas...

Estes xoves intérpretes teñen unha obsesión: que a xente os tome en serio. Están un pouco fartos de comentarios como "Pero vós, tedes máis dunha canción?" ou "sodes un grupo de verdade?" O cuarteto fai unha música forte con influencias recoñecidas: Nirvana, Hole, Foo Fighters e Green Day. A canción do anuncio, o vibrante "Wait here" inclúese no seu primeiro disco, *Sickhead*, totalmente cantado en inglés.

- 2.- Completa o texto cos procedementos de substitución adecuados nas seguintes noticias.

a) Un home fere un deputado británico e asasina o colaborador deste cunha espada de samurai. Un deputado liberal británico resultou e o seu asistente ao seren atacados por un que portaba unha espada de samurai. Os sucederon na tarde do venres nas portas da sede do Partido Socialdemócrata. O atacou coa o Nigel Jones. Nese momento, e nun intento de defender o seu Andy Pennington antepúxose con rapidez entre e Segundo varias testemuñas, recibiu cando menos dez cortes e morreu desangrado, mentres que puido ser atendido das feridas nunha tenda próxima ao lugar do O, Rob Ashman, de 49 anos, foi detido pola policía dez minutos máis tarde, cando paseaba por un centro comercial coa aínda ensanguentada.

b) A cidade olívica solidarízase co terceiro mundo. O próximo domingo, será a sede galega da campaña cooperativa que organiza a ONG Intermón, sucedendo á Coruña, xa que foi a encargada de organizar este mesmo evento no pasado ano.

- 3.- Indica e clasifica os procedementos de cohesión referidos aos fragmentos subliñados.

a) O meu padriño, non sei como o conseguiu, trae un pavo para a festa de Nadal. Nas vésperas, o animal foxe cara ao monte da Torre de Hércules. Cando están a piques de pillalo, o

señorito bota a voar dun xeito imposíbel e pérdese no mar.

.....

b) As mans de Macías eran enormes e pesadas como sachos. Eu miraba as miñas e o que vía era as da irmá pequena envolvendo unha espiga de maízo por bebé.

.....

c) Despois de saír da clase, parei no escaparate do Calzados Faustino, no Cantón para ollar uns zapatos que me interesaban. Estaba alí, co meu maletín, mirando aquel calzado coma quen mira unha película de Fred Astaire, e achegouseme un home.

.....

d) Un home necesitaba diñeiro con urxencia para pagarse unha pasaxe a América. Este era amigo do meu pai e tiña un saxofón.

.....

e) Fun ao estante e collín un libro sobre Vermeer, o de J. M. Montias, onde viña unha reproducción de A leiteira. Desta vez, a miña nai pareceu impresionada. Mirou a estampa durante moito tempo sen falar. Despois, deulle unha volta e continuou a ollala extasiada.

.....

4.- Constrúe un texto ben cohesionado a partir das seguintes oracións, evitando repeticións innecesarias.

É de noite. O ladrón fuxiu do cárcere. Os gardas déronse conta de que o ladrón fuxiu do cárcere. Os gardas perseguiron o ladrón durante toda a madrugada. Os gardas rexistraron as estradas próximas. Os gardas falaban cos veciños. Os gardas apresaron o ladrón o día seguinte pola mañá. O ladrón foi descuberto preto da vía do tren. O ladrón estaba durmindo no momento en que foi encontrado polos gardas.

5.- Localiza e clasifica os conectores textuais dos seguintes textos.

a) Sentar para conversar non é só síntoma de boas maneiras, senón tamén de boa saúde. Así pois, senten dunha definitiva vez os representantes do ILG e os críticos da normativa polo de agora vixente.

.....

b) Claro está que non todas as linguas naceron iguais. As súas circunstancias históricas e os seus avatares lingüísticos foron diversos. Con todo, resulta evidente que todas elas teñen o mesmo dereito a que se respecte a súa dignidade.

.....

c) Que intereses e beneficios presionan e fundamentan a ideoloxía que sustenta a guerra preventiva? O profesor Vidal Beneyto, nun artigo espléndido, mencionaba catro elementos que se beneficiarían dela. En primeiro lugar, a facción dura do exército norteamericano, que logra así un incremento do orzamento militar ata cifras extraordinarias, impensábeis nunha situación de normalidade. En segundo lugar están, loxicamente, os propietarios das industrias armamentística e enerxética (onde curiosamente se encontra a familia Bush) a causa do incremento de pedidos de material bélico e as axudas públicas a ditos sectores.

En terceiro lugar están as organizacións fundamentalistas de carácter relixioso. Estas organizacións inspiran os discursos do presidente, xustifican a guerra e reforzan a moral tradicional. Finalmente, estarían os beneficios do *lobby* xudeu que se concretan en lexitimar as accións brutais do goberno israelí contra os palestinos. E o custo desta obsesión é, porén, moi elevado. Debilitanse as garantías cidadás, fraquea o estado de dereito, fortalécese a intoxicación informativa consciente e aparece a autocensura patriótica. Isto, sen falar dos mortos, feridos e desprazados do bando atacado.

.....

6.- Reescribe os textos, cambiándoos de rexistro (de formal a informal e viceversa).

- a) O ancián ollaba atónito para a inmensidade líquida e glauca que viña morrer aos seus pés.
- b) Pasa do lío, tronco. Dígocho en plan colega. Vaste busca-la ruína, tío, verás.
- c) Diagnostiqueille unha dor retroesternal con irradiación na rexión cubital esquerda, á parte dunha cefalalxia persistente.
- d) Influxíronlle un severo correctivo ao conxunto adversario que, sen os seus elementos foráneos, viuse imposibilitado de realizar calquera acción meritória.
- e) Onde lle entramos ás birras? E logo a ver se soltades a pasta, tíos, que hai que comprar a paparota e buscar un sitio guai pa baixala.
- f) Dourcentos euros! Non llos dá ninguén na feira. Usté péneo. Que, vai ou non vai? Dourcentos euros. Ninguén lle dá máis por ela.
- g) É un preparado con acción notabelmente beneficiosa para a saúde en pacientes con procesos gripais. Resulta igualmente útil no tratamento sintomático das afeccións provocadas polo arrefriado. O ácido acetilsalicílico é eficaz como antipirético, analxésico e antiinflamatorio. Produce un alivio sintomático no tratamento da dor e da inflamación.

Respostas.

- 1.- Marca no artigo todos os elementos que funcionan como substitutos de Deviot, incluídas as elipses.

Deviot alcanzou a fama grazas a un anuncio. Estas tres feras *quinceañeiras* e o seu batería demostran agora que son un grupo de verdade. Falan *todos* a vez, con certo nerviosismo e a *trompicóns*. Saen precipitadamente da clase de matemáticas para someterse a entrevistas con xornalistas de toda España. Logo ofrecen concertos en salas nocturnas onde *les* prohibirían a entrada se fosen como público, por non teren a idade autorizada.

Deviot formouse en Ponferrada e adquiriu popularidade con aquel anuncio de Pepsi "de ruído". A sorte desta banda de rock *chámase* *Subterfuge Records*, a discográfica que *os* fichou e xestionou o anuncio, dirixido en Nova York por Spike Lee. Grazas á popularidade que dá a televisión *Deviot* saltou a etapa dura pola que pasan a maioría dos conxuntos: ensaios, maquetas, compañías que din "non", concertos para tres persoas...

Estes xoves intérpretes teñen unha obsesión: que a xente *os* tome en serio. Están un pouco fartos de comentarios como "Pero vós, tedes máis dunha canción?" ou "sodes un grupo de verdade?". *O cuarteto* fai unha música forte con influencias recoñecidas: Nirvana, Hole, Foo Fighters e Green Day. A canción do anuncio, o vibrante "Wait here" inclúese no *seu* primeiro disco, Sickhead, totalmente cantado en inglés.

- 2.- Completa o texto cos procedementos de substitución adecuados nas seguintes noticias.

a) Un home fere un deputado británico e asasina o colaborador deste cunha espada de samurai. Un deputado liberal británico resultou ferido e o seu asistente morto ao seren atacados por un individuo que portaba unha espada de samurai. Os feitos sucederon na tarde do venres nas portas da sede do Partido Socialdemócrata. O agresor atacou coa catana o parlamentario Nigel Jones. Nese momento, e nun intento de defender o seu superior, Andy Pennington antepúxose con rapidez entre un e outro. Segundo varias testemuñas, o colaborador recibiu cando menos dez cortes e morreu desangrado, mentres que o deputado puido ser atendido das feridas nunha tenda próxima ao lugar do crime. O asasino, Rob Ashman, de 49 anos, foi detido pola policía dez minutos máis tarde, cando paseaba por un centro comercial coa arma aínda ensanguentada.

b) A cidade olívica solidarízase co terceiro mundo. O próximo domingo, Vigo será a sede galega da campaña cooperativa que organiza a ONG Intermón, sucedendo á Coruña, xa que a cidade herculina foi a encargada de organizar este mesmo evento no pasado ano.

- 3.- Indica e clasifica os procedementos de cohesión referidos aos fragmentos subliñados.

a) O meu padriño, non sei como o conseguiu, trae un pavo para a festa de Nadal. Nas vésperas, o animal foxe cara ao monte da Torre de Hércules. Cando están a piques de pilla o señorito bota a voar dun xeito imposíbel e pérdese no mar.

Animal: léxica, hiperónimo; *lo*: gramatical, persoal; *señorito*: léxica, metáfora; antes de *pérdese*: elipse.

b) As mans de Macías eran enormes e pesadas como sachos. Eu miraba as miñas e o que vía era as da irmá pequena envolvendo unha espiga de maízo por bebé.

Elipses

c) Despois de saír da clase, parei no escaparate do Calzados Faustino, no Cantón para ollar uns zapatos que me interesaban. Estaba alí, co meu maletín, mirando aquel calzado coma quen mira unha película de Fred Astaire, e achegouseme un home.

Alí: gramatical demostrativa; *calzado*: léxica, hiperónimo.

d) Un home necesitaba diñeiro con urxencia para pagarse unha pasaxe a América. Este era amigo do meu pai e tiña un saxofón.

Este: gramatical demostrativa; antes de *tiña*: elipse.

e) Fun ao estante e collín un libro sobre Vermeer, o de J. M. Montias, onde viña unha reproducción de A leiteira. Desta vez, a miña nai pareceu impresionada. Mirou a estampa durante moito tempo sen falar. Despois, deu lle unha volta e continuou a ollar a extasiada.

Estampa: léxica, sinónimo; *lle* e *la*: gramaticais, persoais.

4.- Constrúe un texto ben cohesionado a partir das seguintes oracións, evitando repeticións innecesarias.

Era de noite cando o ladrón fuxiu do cárcere. Os gardas, en canto se deron conta, iniciaron a súa persecución, rexistrando as estradas próximas e falando cos veciños. Apresaron o ladrón o día seguinte pola mañá, preto da vía do tren, onde se encontraba durmindo.

5.- Localiza e clasifica os conectores textuais dos seguintes textos.

a) Sentar para conversar non é só síntoma de boas maneiras, senón tamén de boa saúde. Así pois, senten dunha definitiva vez os representantes do ILG e os críticos da normativa polo de agora vixente.

Conector de consecuencia.

b) Claro está que non todas as linguas naceron iguais. As súas circunstancias históricas e os seus avatares lingüísticos foron diversos. Con todo, resulta evidente que todas elas teñen o mesmo dereito a que se respecte a súa dignidade.

Conector de contraste.

c) Que intereses e beneficios presionan e fundamentan a ideoloxía que sustenta a guerra preventiva? O profesor Vidal Beneyto, nun artigo espléndido, mencionaba catro elementos que se beneficiarían dela. En primeiro lugar, a facción dura do exército norteamericano, que logra así un incremento do orzamento militar ata cifras extraordinarias, impensábeis nunha situación de normalidade. En segundo lugar están, loxicamente, os propietarios das industrias armamentística e enerxética (onde curiosamente se encontra a familia Bush) a causa do incremento de pedidos de material bélico e as axudas públicas a ditos sectores. En terceiro lugar están as organizacións fundamentalistas de carácter relixioso. Estas organizacións inspiran os discursos do presidente, xustifican a guerra e reforzan a moral tradicional. Finalmente, estarían os beneficios do lobby xudeu que se concretan en lexitimar as accións brutais do goberno israelí contra os palestinos. E o custo desta obsesión é, porén, moi elevado. Debilitáanse as garantías cidadás, fraquea o estado de dereito, fortalécese a intoxicación informativa consciente e aparece a autocensura patriótica. Isto, sen falar dos mor-

tos, feridos e desprazados do bando atacado.

Conectores de enumeración e conclusión (os catro primeiros) e de contraste (*porén*).

6.- Reescribe os textos, cambiándoos de rexistro (de formal a informal e viceversa).

- a) O vello estaba pasmando mirando para o mar, na beiriña mesma da auga.
- b) Evita ese asunto, que che pode traer unhas pésimas consecuencias. Dígocho como mostra da miña amizade.
- c) Díxenlle que tiña unha dor no peito que lle ía para o brazo esquerdo e ademais tiña unha dor de cabeza que non lle daba parado.
- d) Déronlles unha malleira tremenda. Como non lles xogaban os estranxeiros, non deron pé con bóla.
- e) Cal vos parece o lugar máis axeitado para beber as cervexas? E, por outro lado, deberíades aboar a cantidade correspondente para comprarmos a comida. Cómpre tamén buscar un sitio apropiado para xantar.
- f) Ofrézolle douscentos euros. Reflexione sobre a oferta e pense que non vai conseguir un prezo mellor en toda a feira.
- g) É unha menciña moi boa para a gripe e tamén para o catarro. Leva unha cousa que é boa para baixar a febre e para quitar a dor. E tamén baixa a inflamación.